

EAPN GALICIA

**REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA
A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL**

PLAN ESTRATÉXICO 2022 - 2025



www.pobreza.gal

INDICE:

1. PRESENTACIÓN.....	3
O PROCESO.	4
2. PLAN ESTRATÉXICO 2022-2025.	7
VALORES:	8
VISIÓN E MISIÓN.	10
LIÑAS ESTRATÉXICAS.	11
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:	11
RESULTADOS E ACCIÓNS.....	14
3. EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.	20
4. AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.....	20
5. ANEXOS.	21

ABREVIATURAS.

DAFO	DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS, OPORTUNIDADES
EAPN-GALICIA	REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA
FEGAMP	FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
FFEE	FONDOS ESTRUTURAIIS EUROPEOS
G.L.	GRUPOS LOCAIS
G.M.	GRUPO MOTOR
IRPF	IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS
L.E.	LIÑA ESTRATÉXICA
ODS	OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
O.E	OBXECTIVO ESTRATÉXICO
ONG	ORGANIZACIÓNS NON GOVERNAMENTAIS
P.E.	PLAN ESTRATÉXICO
PEP	PERSOAS QUE EXPERIMENTAN A POBREZA
TIC	TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN
TSAS	TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL
UDC	UNIVERSIDADE DA CORUÑA
UDS	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
UV	UNIVERSIDADE DE VIGO
X.D	XUNTA DIRECTIVA

1. PRESENTACIÓN.

Con motivo do peche do Plan Estratéxico 2016-19 cuxo final coincidiu coa Pandemia do COVID-19, o que provocou unha continuidade do mesmo ata o 2021, **EAPN-Galicia inicia** un proceso de reflexión interno para retomar a planificación dos próximos anos, integrando as achegas e diferentes miradas das entidades que a integran.

Este proceso iniciou en marzo de 2021, onde na Asemblea Xeral actualizouse a análise interna e externa da Rede, dando lugar á identificación dunha serie de elementos de mellora, oportunidades e fortalezas que se tiveron en conta á hora de elaborar este novo documento estratéxico. (Ver Anexo I. DAFO revisado).

O novo Plan Estratéxico 2022-2025 constitúe unha folla de ruta para EAPN - Galicia integrando o que somos e gustaríanos ser como Rede, establecendo para iso uns cambios organizativos expresados a través duns obxectivos estratéxicos validados polas entidades socias, que nos marcarán as liñas de colaboración e complementariedade para facer fronte aos novos retos que temos diante.

Estes novos retos que afrontamos atópanse aliñados coa Axenda 2030 e os seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible-ODS, documentos que nos condicionan como entidades que temos algún tipo de incidencia no desenvolvemento social, económico e ambiental. Por iso á hora do deseño do noso Plan, os ODS servíronnos como referencia para aliñar as nosas accións, resultados e obxectivos estratéxicos ás súas metas e contribuír co noso traballo ao seu alcance.

Especialmente as metas do **ODS 1: FIN DA POBREZA**, onde se apuntan dúas claves para poder desenvolver a loita contra a pobreza no marco da Axenda 2030 e dos ODS, as cales facemos propios:


ODS	METAS
	1.a. Garantir unha mobilización importante de recursos procedentes de diversas fontes, mesmo mediante a mellora da cooperación para o desenvolvemento, a fin de proporcionar medios suficientes e previsibles aos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, para poñer en práctica programas e políticas encamiñados a poñer fin á pobreza en todas as súas dimensións.
	2.b. Crear marcos normativos sólidos nos planos nacional, rexional e internacional, sobre a base de estratexias de desenvolvemento en favor dos pobres que teñan en conta as cuestións de xénero, a fin de apoiar o investimento acelerado en medidas para erradicar a pobreza.

Entendendo tamén que o **incumprimento do dereito ao acceso á unha vivenda digna, axeitada e accesible** é unha das principais causas que impiden a loita efectiva

contra a pobreza e a exclusión social en Galicia, facemos nosos e reflectimos neste Plan o establecido en sete dos ODS:



E especialmente no **ODS 11: CIUDADES Y COMUNIDADES SOSTENIBLES** no que se establece como meta principal no 2030 *"asegurar o acceso de todas as persoas a vivendas e servizos básicos axeitados, seguros e adsequibles e mellorar os barrios marxinais"*.



Neste camiño cara á erradicación da pobreza, a exclusión social e a desigualdade, consideramos que é necesario definir o noso xeito de exercer a incidencia política cara ás administracións públicas e outros actores chave, así como mellorar a nosa forma de traballar e ser catalizadores da participación das nosas entidades sociais e sobre todo, das persoas que viven en situación de vulnerabilidade.

En EAPN-Galicia entendemos estes elementos como claves para asentar unha planificación estratéxica que pretenda afrontar os tres retos sociais mencionados.


O PROCESO.

O Plan Estratéxico 2022-2025, foi elaborado recollendo e consolidando os froitos de diferentes ferramentas de diagnóstico e análise (enquisas, talleres participativos...) - Ver Anexos II, III, IV -, nas que se recolleron propostas, debates e achegas, contando cunha ampla participación das organizacións sociais.

Para iso establecéronse diferentes grupos de traballo que acompañaron o proceso. Os devanditos grupos estiveron constituídos por persoas da Xunta Directiva, Dirección e representantes das entidades pertencentes á rede.

A modo de síntese podemos establecer unha liña no tempo que recolle os principais espazos, instrumentos e ferramentas empregadas para construír o novo Plan Estratéxico.

→ LIÑA DE TEMPO.



Nas diferentes etapas de elaboración deste Plan Estratégico participaron profesionais e voluntarias das seguintes entidades membro de EAPN Galicia:

- Accem
- Asociación para a Prevención e a Educación Social (A.P.E.S.)
- Federación Autismo Galicia
- Caritas Mondoñedo Ferrol
- Caritas Tui-Vigo
- COGAMI
- Federación Down Galicia
- Emaús Fundación Social
- Saúde Mental FEAFES Galicia
- Fundación Amaranta
- Fundación Érguete Integración
- Fundación Juan Soñador
- Fundación Meniños
- Fundación Ronsel
- Fundación Secretariado Xitano
- Igaxes
- Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)
- Medicos do Mundo
- Ecos do Sur
- Federación Alzheimer Galicia

- Arela
- CDR O Viso
- CDR Portas Abertas
- Boa Vida Inclusión Activa
- Fundación Esplai
- Provivienda
- Radio ECCA
- Acción contra a Fame
- AGARESO. Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social

2. PLAN ESTRATÉGICO 2022-2025.

O Plan Estratégico 2022-2025 recolle de forma integral os principais elementos que constitúen a folla de ruta da nosa rede, organizándose nunha estrutura de cinco dimensións complementarias:

- **Valores.** Os valores supoñen a descrición do código de comportamento ao que EAPN-Galicia adhírese e aspira, reflicten o noso compromiso social e proporcionan un sistema para o establecemento de políticas organizativas e facilitan unha guía para os membros da rede.
- **Visión y Misión.** A visión é a percepción de como podería ou debería chegar a ser a organización no futuro, despois de aplicar as súas estratexias e desenvolver adecuadamente as súas capacidades. A declaración de Misión describe o concepto da organización, a natureza dos nosos servizos, o porqué estamos nel, a quen servimos e os valores baixo os cales pretendemos funcionar.
- **Liñas Estratégicas.** EAPN-Galicia identifica 4 Liñas Estratégicas vinculadas coa definición da súa relación coas administracións públicas e outros actores chave, así como coa mellora da nosa forma de traballar e compromiso coas persoas en risco ou situación de pobreza.
- **Obxectivos Estratégicos.** Como elementos de cambio, que pretenden reflectir o valor de EAPN e que orientarán o noso traballo nos próximos anos, en definitiva son os elementos aos que se quere contribuír de maneira decisiva.
- **Resultados Estratégicos.** Entendidos como produtos ou servizos que se queren establecer para a consecución dos obxectivos. Estes resultados son a consecuencia directa da execución dalgunhas actividades específicas e outras cotiás na práctica de EAPN.

Estrutura do Plan Extratéxico EAPN Galicia 22-25



VALORES:

As relacións entre as persoas e as entidades que forman parte de EAPN Galicia conduciranse conforme aos seguintes valores:

- INDEPENDENCIA.
- PARTICIPACIÓN ACTIVA.
- COMPROMISO.
- COLABORACIÓN.
- TRANSPARENCIA.
- INNOVACIÓN.
- REPRESENTATIVIDADE.
- EQUIDADE DE XÉNERO.
- RESPECTO MUTUO

INDEPENDENCIA

A Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) será independente de todo poder político, económico, relixioso ou doutro tipo alleo a ela mesma.

Obrará con independencia das súas entidades membro, ás que respectará na súa identidade e propia independencia.

PARTICIPACIÓN ACTIVA

A Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) promoverá directamente, ou mediante a intervención das súas entidades membro, a participación social efectiva das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Obrará, nos seus obxectivos e procesos internos, favorecendo o desenvolvemento das capacidades das que as persoas e entidades dispoñen para ser quen de conducir o propio desenvolvemento persoal e institucional.

COMPROMISO

As persoas e entidades participantes na Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) estarán comprometidas coa misión da Rede e os procesos de inclusión das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Este compromiso persoal e institucional expresarase coa adopción dunha actitude proactiva a favor do desenvolvemento de accións e iniciativas que promovan o cumprimento da misión da Rede.

COLABORACIÓN

A Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) contribuirá á defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de exclusión social participando en

procesos de diálogo civil con outras institucións, poderes públicos e axentes sociais, dende un espírito de colaboración e contribución positiva e efectiva.

Este mesmo espírito guiará o comportamento das persoas e entidades na dinámica interna da Rede.

Algunhas condutas que ilustran o exercicio deste valor son as seguintes:

- Capacidade de diálogo e disposición á crítica construtiva no desenvolvemento do diálogo civil e no funcionamento interno da Rede.
- Apertura á participación doutros axentes sociais en iniciativas da Rede.
- Proactividade da Rede e as entidades membro na promoción de relacións de colaboración con outros axentes.
- Solicitude da colaboración cidadá para a consecución dos obxectivos da Rede.

TRANSPARENCIA.

A Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) permitirá coñecer ás institucións da comunidade na que participa, e á cidadanía en xeral, os criterios e resultados da xestión e actuacións que executa para o desenvolvemento da súa misión.

A Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) promoverá comportamentos transparentes no Terceiro Sector de Acción Social de Galicia.

INNOVACIÓN.

As persoas e entidades da Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) favorecerán o emprendemento e o desenvolvemento de iniciativas innovadoras en sintonía coa misión da Rede.

REPRESENTATIVIDADE.

As persoas e entidades da Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) quere asumir a responsabilidade de representar ao Terceiro Sector de Acción Social de Galicia.

Condúcese de forma democrática e aberta á contribución de persoas e institucións.

EQUIDADE DE XÉNERO.

A Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) fai propio este principio polo cal se reconece que tanto a defensa dos dereitos como a loita pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes realizárase acordo ás súas características, contextos e necesidades específicas, de forma directa, e transversal nos distintos

ámbitos nos que interactúan, e que son obxecto de actuación dende EAPN Galicia, eliminando así toda forma de discriminación por razón de xénero.

RESPECTO MUTUO.

A Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia) é un espazo de traballo en rede caracterizado por unha actitude propositiva e construtiva entre as entidades e persoas que a compoñen.

Trátase dun valor de éxito e convivencia baseado no respecto mutuo, que garante un ambiente propicio para o avance nas súas causas comúns e minimiza os posibles efectos adversos das relacións entre persoas e colectivos con características diferentes.

VISIÓN E MISIÓN.

VISIÓN



*“EAPN Galicia- Rede Europea contra a Pobreza contribúe ao proceso de articulación do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, traballando por causas comúns das entidades e con capacidade de incidencia política e social para a erradicación da pobreza e a exclusión social dende **un enfoque de dereitos**”*

MISIÓN.



“EAPN Galicia-Rede Europea Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, desde un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva.”

LIÑAS ESTRATÉXICAS.

Unha liña estratexia é un camiño, que indica e expón como alcanzar a nosa misión e mostra os ámbitos considerados fundamentais por EAPN-Galicia, para situar os seus obxectivos, pódense considerar coma os puntos de referencia fundamentais no proceso de operativización da formulación estratéxica.

O Plan Estratéxico de EAPN Galicia para o período 2022-2025, contempla as seguintes 4 Liñas Estratéxicas:

- L.E.1 INCIDENCIA POLÍTICA, SOCIAL E DIÁLOGO CIVIL.
- L.E.2. PARTICIPACIÓN E BASE SOCIAL.
- L.E.3. DIALOGO CIVIL E RECOÑECIMIENTO E ARTICULACIÓN DO TERCEIRO SECTOR
- L.E.4. FORTALECEMENTO ORGANIZATIVO

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:

Os obxectivos estratéxicos reflicten elementos de cambio aos que se quere contribuír desde a estratexia, e integran dimensións de interlocución para fortalecer a capacidade de incidencia, a promoción da participación das entidades socias, o seu recoñecemento como actor básico no TSAS e a consolidación da nosa estrutura organizativa para a súa sustentabilidade.

Para cada un destes obxectivos establécense indicadores de produto e efecto co fin de poder establecer unhas metas definidas que nos indiquen os avances conseguidos ao longo da execución do Plan e desta maneira obter unha base obxectiva para os procesos de seguimento e avaliación.

O.E.1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de incidencia en políticas sociais.

Preténdese asegurar a realización de cambios normativos nas políticas públicas que afectan ás persoas en pobreza ou exclusión social, así como na comunicación externa co enfoque de defensa de dereitos establecido na misión. Aproveitando a fortaleza do traballo en rede rigoroso e fomentando a alianza, a investigación e o coñecemento e esforzo compartido con outras actrices e actores do sistema de servizos sociais e da economía social.

INDICADORES:

De Proceso:

- ✓ Consolidar na Axenda Social de Galicia e na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023 - 2027 o cumprimento das demandas promovidas dende EAPN.
- ✓ Participación activa na elaboración da nova Lei de Inclusión Social de Galicia e a transferencia do IMV aproveitando posta en marcha proxecto *Non Take Up* con EAPN España
- ✓ Dispor dunha estratexia que asegure a viabilidade e orzamento de programas e medidas efectivas cando rematen no 2024 financiamento MRR/Next Generation
- ✓ Implantación de medidas no eido da inclusión socio residencial e vivenda

De Produto:

- ✓ Ao final do período de vixencia do Plan, consolídanse alo menos 4 produtos/accións dos establecidos nas novas alianzas coas entidades de interese
- ✓ Realización dun mínimo de dúas campañas de comunicación anuais compartidas por entidades da rede e con discurso de causas comúns e enfoque de dereitos.
- ✓ Implicar a un mínimo de 15 entidades na elaboración de documento propostas e boas prácticas de inserción socio laboral aproveitando o programa de Emprego.
- ✓ Elaborar documento de demandas para as eleccións municipais (2023) e autonómicas (2024) coa participación do 80% das entidades membro.

O.E.2. Promover unha maior participación da base social en EAPN. En especial das persoas en pobreza ou exclusión social (PEP)

Preténdese asegurar a participación nas actuacións da Rede de todas as súas entidades membro. Según a súa dispoñibilidade e carga de traballo interna fomentárase a implicación tanto de persoal directivo como técnico ou voluntario, nas entidades membro e nas súas entidades ou delegacións no eido local. E priorizando o fomento da participación das persoas en pobreza ou exclusión social.

INDICADORES:

De Proceso:

- ✓ Ao final do período de vixencia do Plan, o 100% das entidades membro terán participado nun mínimo de dúas actuacións da rede.
- ✓ Asegurar a participación dun mínimo de 250 persoas en pobreza ou exclusión nos encontros e seminarios específicos de EAPN, realizando un seguimento dun mínimo do 20% ao final do período sobre os efectos da mesma nos procesos de inclusión social.

O.E.3 Promover o recoñecemento do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS).

Preténdese avanzar no recoñecemento legal e social das entidades do Terceiro Sector de Acción Social como creadoras de valor social e económico dende a súa filosofía de non ánimo de lucro. Dende a definición e reivindicación dos seus valores e criterios éticos de intervención, o seu papel imprescindible de parte e garante do

sistema de servizos sociais ou a denuncia da burocracia extrema e a discriminación na concorrência con entidades lucrativas. Fomentando o mercado social e o traballo en rede con outras plataformas o co resto da economía social e solidaria

INDICADORES:

De Proceso:

- ✓ Promulgación da Lei galega do Terceiro Sector e dialogo civil.
- ✓ Realizar alianzas, actuacións compartidas e fomento do mercado social con Plataforma de Infancia de Galicia, CERMI Galicia e Foro da Economía Social de Galicia e os seus membros.

De Produto:

- ✓ Ao final do período de vixencia do Plan, terase presentado informe sobre o valor social e económico xerado polo conxunto das entidades membro de EAPN Galicia
- ✓ Presentaranse propostas de simplificación burocrática, previsibilidade no financiamento e recoñecemento non discriminatorio das entidades do TSAS nas convocatorias que lle afecten.

O.E.4. Consolidar a estrutura organizativa da Rede.

Preténdese avanzar no fortalecemento, a cohesión, o coñecemento e traballo compartido e o coidado do persoal das entidades membro e da propia rede. Asegurando a viabilidade e sostibilidade financeira de EAPN e das súas entidades para o 2024, unha vez remate financiamento extraordinario *MRR/Next Generation* e aproveitando os programas extraordinarios de Emprego ou *IMV-Non Take Up* para fortalecer o traballo en rede descentralizado, a comunicación interna e a transformación dixital.

INDICADORES:

De Proceso:

- ✓ Completar proceso de transformación dixital nova web para compartir información e traballo en rede e fomento da comunicación interna.
- ✓ Duplicar difusión do boletín EnRedeSocial como ferramenta de comunicación do TSAS (2.800 subscritoras).

De Produto:

- ✓ No primeiro ano de execución do plan presentar estudo sobre necesidades de formación nas entidades membro de EAPN Galicia.
- ✓ No 2024 garantido financiamento para o funcionamento básico da rede, cun mínimo dun novo financiador ademais da Consellería de Política Social.

RESULTADOS E ACCIÓNS.

Os obxectivos estratéxicos fanse operativos a través dos resultados e accións. Nesta dimensión atopámonos nun nivel de planificación máis operativo onde se reflicte que imos facer e como para contribuír á consecución dos obxectivos establecidos. A continuación mostramos a relación de resultados e accións vinculadas a cada un dos obxectivos estratéxicos:

CADRO: LIÑAS ESTRATÉXICAS EAPN-GALICIA 2022-2025			
LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVOS 2022-2025	RESULTADOS 2022 - 2025	ACCIÓNS
<u>L.E.1</u> <u>INCIDENCIA</u> <u>POLÍTICA,</u> <u>SOCIAL E</u> <u>DIÁLOGO</u> <u>CIVIL</u>	O.E.1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de incidencia en políticas sociais.	R.1.1. Establecidas novas alianzas con universidades, colexios profesionais, entidades de economía social e solidaria, medios de comunicación e axentes sociais.	A.1.1. Actualización das alianzas susceptibles de seren desenvolvidas: universidades, colexios profesionais, entidades de economía social e solidaria, medios de comunicación. A.1.2. Acercamento á Universidade para o establecemento de iniciativas de formación en intervención social e programas concretos de investigación aplicada ou aprendizaxe servizo. A.1.3. Promocionar colaboración entre grupos de investigación universitaria e EAPN e entidades membro.
		R.1.2. Asentada e fortalecida a comunicación externa da rede.	A.1.4. Renovar o Plan de Comunicación compartido entre as entidades de EAPN Galicia. A.1.5. Desenvolver accións formativas para dotar e capacitar ás entidades membro no uso de ferramentas que permitan enriquecer a súa mensaxe cunha linguaxe inclusiva non so de xénero, accesible e motivadora. A.1.6. Difundir de forma proactiva a Guía de Medios e Código de Conduta e fomentar formación e reflexión compartida nos medios (xornalistas, directoras, xefas redacción). A.1.7. Desenvolver actuacións e campañas de comunicación aproveitando sinerxias e traballo en rede. Con discurso de inclusión activa, defensa de causas comúns e diálogo civil, enfoque de xénero e recoñecemento da diversidade sexual.

			A.1.8. Potenciar a presenza en redes sociais a través de campañas conxuntas centradas en causas comúns, loita contra discurso do odio e aporofobia.
		R.1.3. Incrementada a incidencia activa en foros de diálogo civil.	A.1.9. Fortalecer o traballo e incrementar a incidencia activa nos Consellos de Benestar, Voluntariado e Economía Social (co TSAS como parte fundamental da mesma) A.1.10. Fortalecer incidencia con Consellería Facenda e presenza en Comités de Seguimento FFEE (FSE+, FEDER e FEADER) A.1.11. Asegurar viabilidade e orzamento de programas e medidas efectivas cando rematen no 2024 financiamento MRR/Next Generation. A.1.12. Presenza activa no seguimento e nas comisións temáticas da Axenda Social de Galicia 2021-2024 A.1.13. Promover a área Social do Observatorio da Vivenda.
		R.1.4. Acadados maiores niveles de interlocución política e técnica	A.1.14. Establecer espazos para promover accións e sinerxías Consellería Política Social, en especial con Vivenda e Emprego, e especificamente: Lei e Estratexia de Inclusión social, implicación e recoñemento TSAS. A.1.15. Reforzar incidencia coa nova Lei de Inclusión Social de Galicia e acceso a Ingreso Mínimo Vital/RISGA con enfoque de garantía de ingresos, aproveitando fondos do programa EAPN España de fomento acceso a IMV (Non Take Up) A.1.16. Defensa de liñas vermellas e medidas de protección social ante posibles recortes orzamentarios, aporofobia ou falsedades sobre desincentivación na procura de emprego. A.1.17. Realizar documento detallado das demandas das entidades membro para articular a incidencia ante partidos e Xunta nas eleccións municipais e autonómicas 2023 e 2024.

			A.1.18. Incrementar incidencia en inclusión residencial e acceso a vivenda digna, axeitada e accesible A.1.19. Reforzar incidencia en inclusión socio laboral aproveitando programa Integrado Empleo. Crear grupo técnico/incidencia. A.1.20. Promover a interlocución coas administracións implicadas en exclusión financeira, fenda dixital, transformación dixital, aporofobia e discurso do odio e feminización da pobreza. A.1.21. Liña transversal de incidencia en simplificación burocrática a persoas e entidades. Difusión de boas prácticas (ex. Tarxeta Básica) A.1.22. Fortalecer colaboración coa Valedora do Pobo de Galicia mediante un discurso común e claro como Rede.
--	--	--	--

<u>LIÑA ESTRATÉXICA</u>	OBXECTIVOS 2022 - 2025	RESULTADOS 2022 - 2025	ACCIÓNS
<u>L.E.2. PARTICIPACIÓN E BASE SOCIAL.</u>	O.E.2. Promover unha maior participación da base social en EAPN. En especial das persoas en pobreza ou exclusión social (PEP)	R.2.1. Avaliadas as posibilidades de participación da base social das entidades socias nas actividades de EAPN-Galicia.	A.2.1. Desenvolver formación técnica a profesionais e voluntariado das entidades sobre diálogo e participación, adaptada a cada tipo de colectivos e fomentando tamén espazos informais. A.2.2. Participación e implicación de base social (directivas, profesionais, voluntariado, participantes) en actuacións: consultas, grupos ad hoc, seminarios, etc. A.2.3. Promover descentralización no eido local de accións concretas asegurando mensaxe compartida e causa común.
		R.2.2. Establecidos espazos para a participación das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión.	A.2.4. Organizar Foro TSAS específico para coñecer modelos de participación, boas prácticas e auto-organización das persoas en situación de exclusión. A.2.5. Desenvolver Encontros de participación Galicia e implicación en estatal. A.2.6. Establecer bolsas de axuda para promover a participación de PEP.

<u>LIÑA ESTRATÉXICA</u>	OBXECTIVOS 2022 - 2025	RESULTADOS 2022 - 2025	ACCÍONS
<u>L.E.3. DIÁLOGO CIVIL E RECOÑECEMENTO E ARTICULACIÓN DO TERCEIRO SECTOR</u>	O.E.3 Promover o recoñecemento do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS).	R.3.1. Xestionada a entrada de novas entidades á Rede no ámbito da pobreza e exclusión social.	A.3.1. Establecemento de criterios básicos para a integración e desvinculación de entidades da rede. (Cumprimento Código Conduta e ético).
		R.3.2. Recoñecemento legal do diálogo civil e do Terceiro Sector de Acción Social como actor básico e garante do sistema de servizos sociais.	A.3.2. Elaborar documento de criterios éticos de intervención compartidos polas entidades. A.3.3. Fomentar a medición do valor económico e sobre todo social das entidades do TSAS para recoñecemento e igualdade de trato ante entidades lucrativas. A.3.4. Fomento da coordinación, apoio e colaboración regulada cos SS.SS públicos. Na procura de maior calidade e avaliación ao trato, satisfacción e inspección dos servizos prestados ás persoas en pobreza ou exclusión. A.3.5. Favorecer a promulgación da Lei galega do Terceiro Sector de Acción Social e diálogo civil. A.3.6. Establecer seminarios e o I Congreso do TSAS de Galicia. A.3.7. Articular alianzas coa POI, CERMI e Foro Economía Social. A.3.8. Establecer espazos de incidencia para garantir a previsibilidade das subvencións e redución dos procesos burocráticos, aproveitando a alianza co resto da economía social.
		R.3.3. Promovida unha contratación pública socialmente responsable.	A.3.9. Fomentar a creación dun mercado social, consumindo produtos e contratando servizos entre entidades do TSAS e do resto de organizacións da economía social. A.3.10. Incidir nunha contratación pública axustada a normativa laboral, cláusulas e especialmente concertos sociais en todos os sectores do TSAS.

LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVO S 2022 - 2025	RESULTADOS 2022 - 2025	ACCIÓNS
<u>L.E.4.</u> <u>FORTALECEMENT</u> <u>O ORGANIZATIVO</u>	O.E.4. Consolidar a estrutura organizativa da Rede.	R.4.1. Fortalecidas as entidades pertencentes a rede.	A.4.1. Establecemento de programa formativo orientado ás necesidades das entidades tendo en conta o capital formativo existente e compartido entre as mesmas. A.4.2. Establecer accións de coidado do persoal: formacións internas, relacionadas con intelixencia emocional, desconexión dixital, estudo sobrecarga profesional ante crisis social, financiamento de baixas laborais etc. A.4.3. Procura de financiamento para iniciativas <i>win-win</i> entre as entidades e a Rede como elemento de aprendizaxe.
		R.4.2. Promovida a colaboración, o traballo conxunto e a difusión de servizos entre entidades membro da Rede.	A.4.4. Incidir na creación de convocatorias novas ou liñas de financiamento nas existentes que fomenten o fortalecemento e cohesión así como a creación de espazos de coñecemento, colaboración, traballo conxunto e boas prácticas entre entidades da rede e/ou con organizacións da economía social.
		R.4.3. Optimizada a efectividade dos Grupos de traballos e Ad-hoc.	A.4.5. Desenvolver unha avaliación continua do realizado polos grupos de traballo para a súa mellora e axilidade. A.4.6. Difundir o labor dos grupos de traballo entre as entidades da rede para promover a súa participación e asegurar a pluralidade de colectivos. A.4.7. Confeccionar un listado e coñecemento entre expertas/os nas entidades membro, que favoreza alianzas ou interlocucións (universidades, Colexios profesionais (incluído Avogacía, Psicoloxía e Xornalismo), medios de comunicación, economía social e solidaria, etc.)
		R.4.4. Mellorada a xestión e dinamización da Rede.	A.4.8. Asegurar financiamento para contratación ou subcontratación da xestión administrativa, comunicación e redes e asesoramento xurídico.

			A.4.9. Promover a descentralización de accións con entidades e redes locais
		R.4.5. Mellorada a comunicación da Rede coas súas entidades membro.	A.4.10. Actualizar plan de comunicación interna: Definir estrutura de comunicación con entidades adscritas a federacións membro EAPN, difusión articulada para que chegue a nivel local. A.4.11. Fortalecer transformación dixital e o uso das TIC para compartir información, crear mecanismos/espazos de coordinación e unha mellor comunicación interna. A.4.12. Dinamizar Boletín interno e externo de EAPN como ferramenta de comunicación.
		R.4.6. Asegurado o financiamento para o sostemento da estrutura	A.4.13. Incidir na ampliación e explicitación orzamentaria do Convenio Política Social. A.4.14. Busca de fontes de financiación para o fortalecemento e sostibilidade da estrutura da rede. Emprego e Igualdade, Facenda, etc. A.4.15. Elaborar propostas conxuntas de sostibilidade de EAPN e das súas entidades para o 2024, unha vez remate financiamento extraordinario MRR/Next Generation. A.4.16. Facturación por servizos EAPN Galicia/mentoring persoal entidades de fora da rede.
		R.4.7. Promovido un exercicio de rendición de contas e transparencia de EAPN	A.4.17. Realizar e implementar un Plan de Transparencia que oriente as accións e traballo de EAPN-Galicia e as entidades membro. A.4.18. Actualizar web EAPN Galicia para favorecer a difusión do traballo en rede e a transparencia das actuacións realizadas.

3. EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.

O Plan Estratéxico ten unha vixencia de catro anos e para a súa implementación e seguimento establecerase unha planificación operativa anual (POA).

O establecemento dos POA marcará o proceso de execución das accións e permitirá ir validando como a súa implantación diríxese cara á consecución dos resultados previstos e como estes van contribuíndo ao alcance dos obxectivos estratéxicos expostos e en caso necesario levar a cabo unha reorientación da planificación establecida.

A recollida da información durante o proceso de execución sistematizarase nun informe anual que se socializará nas Asembleas de EAPN-Galicia, por tanto a recollida de información convértese nun elemento esencial para complementar un seguimento eficaz.

A intención deste proceso de programación operativa, toma de datos e socialización da mesma, é a retroalimentación e fortalecemento da execución do Plan coa xestión e aproveitamento da aprendizaxe que vaia adquirindo como rede.

Os actores clave en todo este proceso son:

- Xunta Directiva.
- Dirección.
- Grupo de Comunicación.
- Grupo de participación.
- Grupos Ad- hoc que se constitúan.

4. AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.

Ao final da vixencia do Plan se levará a cabo unha avaliación final que terá como finalidade servir para a identificación de futuras estratexias ou para o axuste e revisión das que se puxeron en marcha.

Para o axeitado seguimento e avaliación nas Asembleas anuais estableceranse grupos de traballo para valorar a marcha da súa implantación.

A composición destes grupos dará cabida aos diferentes membros das entidades socias, dirección e Xunta Directiva. Así mesmo, a Dirección da Rede deberá emitir un informe de cada unha das sesións anuais de avaliación que se leven a cabo, nas cales se recollerá o avance da implementación do Plan.

Os resultados obtidos na avaliación do Plan, atendendo a criterios de transparencia e rigor, serán publicados na páxina web da organización.

5. ANEXOS.

- i. DAFO Plan Estratéxico EAPN Galicia 2021.
- ii. Avaliación das accións realizadas Plan Estratéxico EAPN 2016-20.
- iii. Resposta Grupo Motor as preguntas xeneradoras para a planificación estratéxica EAPN 2022-25.
- iv. Consolidado de respostas dos grupos as preguntas xeneradoras para a planificación estratéxica EAPN 2022-25.

MÁIS INFO

www.pobreza.gal

[@EAPNGalicia](https://twitter.com/EAPNGalicia) en Twitter

[EAPN Galicia](#) e [EnRedeSocial](#) en Facebook

[EAPN Galicia](#) en LinkedIn

[Subscríbete a En Rede Social](#) e súmate ás 1400 persoas que xa reciben o boletín de referencia do Terceiro Sector Social galego.



Rede Europea de Loita Contra
a Pobreza e a Exclusión Social
www.pobreza.gal